

ENTREVISTA | **ANTÓN RIVEIRO COELLO**
ESCRITOR

«O proceso da escrita é un traballo complicado e de loita»

O autor da Limia publica «Os ollos de K», unha novela na que se conta como se escribe unha novela

Camilo Franco

SANTIAGO | Un escritor ensaian- do sobre o oficio de escribir é como un químico xogando con virus nun tubo de ensaio. Algo dese risco está na última nove- la de Antón Riveiro Coello, *Os ollos de K*.

—A novela nace dunha imaxe inquietante: algún que espe- ra cuns ollos nun tarro.

—A novela fala da angustia do escritor, do *horror vacui* e desa sensación que eu relaciono con algúns personaxes de Kafka; de aí o xogo do título.

—¿A intención foi escribir so- bre o proceso de escribir?

—Seguramente é un libro que os escritores poden entender máis rapidamente. Fala dun es- critor, Suso Paradelo, que ten a miña idade, vive en Ourense, pero non ten nada que ver co- migo nin se pode dicir que poi- da ser un *alter ego* meu. Quere escribir unha novela e comeza, pero ten que responder a ela e máis escribir baixo a coacción de atender unha sección que

mantén na prensa. En realida- de é unha novela sobre a nove- la porque ao tempo que escribe a novela escribe sobre a nove- la, vai contando todo o que su- cede nese camiño.

—¿Cal é a relación do perso- naxe coa escrita?

—É unha relación que ten que ver coas dos personaxes de Kaf- ka que abren os ollos e non sa- ben onde están. Suso Paradelo ten que escribir e vaille pasando un pesadelo e segue escribindo porque pensa, como algúns es- critores, que coa ficción se po- de cambiar a realidade. Ten a ollada do K e a súa desorienta- ción é a de Joseph K en *O pro- ceso*, a mesma angustia e a mes- ma claustrofobia.

—¿Como xoga iso no lector?

—Busco que o lector e o prota- gonista compartan a mesma categoría, que vaian descubrindo ao mesmo tempo ese proceso da escrita. A novela ten dentro unha novela negra máis todos os relatos que ten que entregar na prensa Suso Paradelo. O lec-


tor segue o proceso ao tempo que o escritor.

—¿A literatura ten máis de ar- tístico ou de oficio?

—Un traballo artístico é total- mente diferente a outro. Traba- llas cunha materia invisible. A literatura é unha realidade en si mesma e escribir é un traba- llo máis complicado que outros porque podo pasar a aspiradora e pensar noutra cousa, pero non podes escribir e pensar noutra cousa. Nesta novela eu ofrezco ao lector a posibilidade de compar- tir ese traballo literario. O traba- llo da escrita vese como un pro- ceso complicado e de loita.

—¿O lector sentirá curiosida- de por ese proceso?

—Dicía Goethe que para co- ñecer unha obra de arte habe- ría que coñecerla en todo o seu proceso de creación. Igual esta non é obra de arte pero explica a alquimia do traballo literario. O seu autor, Suso Paradelo, vai da mesma man que o lector. É a primeira novela que escribo sen saber onde vou.



Riveiro Coello fala nesta novela da angustia de escribir | SIMÓN BALVIS

«Tiña intención de matar ao protagonista, pero non fun quen»

Suso Paradelo é un protagonis- ta que pasou por *A quinta de Saler* ou por *Homónima*, entre outras novelas de Riveiro Coe- llo. O escritor sinala que cando comezou a planear a novela ti- ña intención de desfacerse del, «porque estaba un pouco far- to», pero non foi capaz.

Riveiro Coello explica que as súas dúbidas coa novela son as mesmas que ten o pro- tagonista. Os lectores, asegu- ra o escritor, verán «esa rela- ción case esquizofrénica que temos cos personaxes». Sinala Antón Riveiro que o persona-

xe se lle «rebelou» e os lecto- res poden aprezoalo na novela porque ao protagonista lle su- cede algo similar.

Riveiro Coello non sabe se Suso Paradelo volverá pasar polas súas narracións porque, segundo explica, «é un tipo que cae bastante mal, pouco sedutor». «A estas alturas case non sei se o escollín eu a el ou el a min». O escritor da Limia afinado no Barbanza asegura que o seu personaxe ten mal carácter porque «os escritores cando nos sentamos a escribir somos moi mala xente».